




CAMI-ÑAMOS?


Aínda non coñeces o Camiño á Orixe?

Camiño á Orixe é unha das experiencias máis auténticas que a peregrinación che pode ofrecer. Tanto se xa fixeches o Camiño de Santiago nalgunha ocasión, como se está entre os teus proxectos facelo, non podes deixar escapar a oportunidade de emprender a verdadeira ruta xacobeá que marcou a historia.

E se che dicimos que non o farás só andando?

	1. Santiago de Compostela - Vilagarcía de Arousa	19 min.
	2. Vilagarcía de Arousa - Pontecesures	90 min.
	3. Pontecesures - Santiago de Compostela	25 km.

A opción idónea para o peregrino que busca unha experiencia única, xa que existen moitos camiños, pero só un supón a orixe de todos.



Ti podes formar parte desta historia. Descubre a Orixe de tódolos camiños.

osalnes.com




A
ORI
XE

DE TÓDOLOS
CAMIÑOS

Sé parte desta apaixonante historia. Percorre a Orixe de tódolos Camiños.

Convidámoste a experimentar o inicio do fenómeno Xacobeo e percorrer o mesmo traxecto que seguiron os restos do Apóstolo Santiago na súa viaxe a Compostela.

Unha ruta a través dunha paraxe natural única, que poderás emprender de cinco formas, a través de cinco camiños ou variantes diferentes. Nelas está contida a chave que te levará directamente á orixe.



ESCAPADA
Á ORIXE

A ORIXE DE
TÓDOLOS CAMIÑOS



VARIANTE
ESPIRITUAL

A ORIXE DE
TÓDOLOS CAMIÑOS



RUTA
PAI
SARMIENTO

A ORIXE DE
TÓDOLOS CAMIÑOS



NAVEGA
O CAMIÑO

A ORIXE DE
TÓDOLOS CAMIÑOS



Gallego



Español



Inglés

Reservas:



+34 986 565 026



+34 623 381 553



CA/
MIÑO
Á
ORI/
XE

A ORIXE DE
TÓDOLOS
CAMIÑOS

QUE NON CHO CONTEN

Non sexas un mero espectador da historia e atévete a vivila descubrindo a Orixe de tódolos Camiños.

Se xa chegaches a Compostela, abordar estas etapas porá o broche de ouro a unha experiencia totalmente diferente.



SUBE AO TREN

DESCUBRE A COMARCA MÁIS TURÍSTICA DE GALICIA: O SALNÉS



Santiago de Compostela
- Vilagarcía de Arousa


19 min.

Sabías que, dende Santiago de Compostela, en tan só 19 minutos en tren podes chegar á Comarca do Salnés? O punto de partida da Translatio.

Vilagarcía de Arousa acollerate tras realizar esta primeira etapa. Prolonga o teu camiño desfrutando de actividades de turismo activo como son as rutas en caiaç, marisqueo a pé, paseos en bici, sendeirismo... ou ben visita as bodegas, degusta a nosa gastronomía, adéntrate na Ruta da Camelia e descubre os puntos máis emblemáticos do Salnés.

Como non, é visita obrigada a Illa de Cortegada, unha paraxe natural inesquecible situada fronte ao pobo mariñeiro de Carril.

GALICIA
• O Salnés



Santiago de Compostela



A TRANSLATIO

SIGUE A ESTELA DO APÓSTOLO SANTIAGO A TRAVÉS DO MAR



Vilagarcía de Arousa - Pontecesures

90 min.

Este termo latino fai referencia á lexendaria traslación por mar dos restos do Apóstolo Santiago o Maior ata a súa chegada a Compostela. Entrando pola Ría de Arousa e percorrendo o río Ulla, deixan as pegadas do que será coñecido como a Orixe de tódolos Camiños. Hoxe en día marcado polo único vía crucis marítimo fluvial do mundo.



ÚLTIMOS PASOS

CAMIÑANDO CARA COMPOSTELA POLO CAMIÑO PORTUGUÉS



Pontecesures - Santiago de Compostela

25 km.

E agora que xa abordaches a Translatio, este último itinerario parecerache totalmente diferente. Tanto se queres chegar a Santiago a pé como en tren, a túa entrada na Praza do Obradoiro non será como as anteriores, porque o que de verdade te marca son as experiencias vividas ata lograr avistar Compostela.

Xa encontraches o auténtico camiño, completaches tódalas súas etapas e creciches a través desta volta á orixe.